



Resolución do 5 de xuño de 2007, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, pola que se declara a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM) do Concello de Castroverde ós tramites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente

Examinada a solicitude do 31 de agosto de 2006, con rexistro de entrada nesta Consellería 16.972, feita por D. Xosé M^a Arias Fernández en calidade de Alcalde do Concello de Castroverde, na que solicita a declaración de inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Castroverde (en diante PXOM) ós trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006 do 28 de abril, son os seus

1. ANTECEDENTES DE FEITO

1.1. Con data 10 de novembro de 2003 asinouse o contrato da redacción do PXOM co Laboratorio do Territorio da USC.

1.2. No mes de marzo de 2004 remata unha fase de información sobre o Avance do plan, na cal se celebraron diversas xuntanzas entre os veciños, o concello e o equipo redactor. Con data 20 de xullo de 2004 entregouse o documento de Avance.

1.3. Con data 30 de xullo de 2004 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 147 o anuncio para a exposición pública do Avance, mentres que no diario El Progreso saíu publicado o 31 de xullo. Durante un mes, dende o 5 de agosto de 2004, expúxose ó público o documento de Avance nos locais da Cámara Agraria. Recibíronse 391 suxestións.

1.4. Con data 25 de febreiro de 2005, a Dirección Xeral de Urbanismo emitiu o correspondente informe previo á aprobación inicial.

1.5. Con data 6 de xullo de 2005 celebrouse o Pleno do Concello no que se aprobou inicialmente o documento.

1.6. Con data 15 de xullo de 2005 publicouse no DOG nº 136 o anuncio de exposición pública da Aprobación Inicial. Na prensa publicouse o mesmo anuncio o 14 de xullo en La Voz de Galicia e o 15 de xullo en El Progreso. Este período de exposición pública comezou o 16 de xullo de 2005 e durou un mes, durante o cal se recibiron en prazo 697 alegacións. Destas, foron resoltas 262 favorablemente, 374 desfavorables e 61 parcialmente favorables. Durante este período foron emitidos os informes sectoriais de diversos organismos, todos eles favorables condicionados á corrección de determinados aspectos considerados neles.



1.7. Con data 26 de maio de 2006 resolvéronse as alegacións e entregouse o documento para aprobación provisional.

1.8. Con data 4 de agosto de 2006, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible envioulle unha carta ó concello de Castroverde (registro de saída 13.222) no que se informaba da entrada en vigor da Lei 9/2006. Indicábase que o PXOM do concello de Castroverde debería adaptarse ós requirimentos da citada lei.

1.9. Con data 31 de agosto 2006, tivo entrada nesta Dirección Xeral unha solicitude de inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Castroverde ós tramites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril, así como as alegacións do Concello motivando dita petición.

1.10. Con data 30 de novembro de 2006 o Pleno do Concello de Castroverde aprobou provisionalmente o PXOM.

1.11. Con data 23 de febreiro de 2007, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible remite un escrito ó Concello de Castroverde solicitando a aclaración de diversas cuestións e carencias detectadas no documento de Aprobación Provisional do PXOM.

1.12. Con data 22 de marzo de 2007, o Concello de Castroverde remite documentación en resposta á petición da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible do 23 de febreiro, resposta que consiste en modificacións sobre o documento de Aprobación Provisional.

1.13. Con data 28 de abril de 2007, o Concello de Castroverde aproba no Pleno as modificacións do documento de Aprobación Provisional.

2. FUNDAMENTOS DE DEREITO

2.1. Segundo o artigo 5.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril, o Órgano ambiental pertencerá á Administración Autonómica, e de conformidade coa súa estrutura orgánica e as súas distribucións de competencias o órgano competente é a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (artigo 7 do Decreto 597/2006, do 12 de xaneiro).

2.2. O apartado 2 da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2006 permite a declaración de inviabilidade de sometemento dun Plan ou Programa ós trámites desta lei, caso a caso e de forma motivada.



2.3. A Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións da Lei 15/2004 do 29 de decembro xa impón a consideración no planeamento urbanístico da perspectiva ambiental. Tamén establece a obrigatoriedade de elaborar un Estudio de Sustentabilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico. Entre os seus principios reitores atopamos os de conseguir a harmonización das esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana co mantemento, a diversificación e o desenvolvemento sostible do territorio e da súa poboación e velar para que a actividade urbanística se desenvolva promovendo a máxima participación social.

Analizado o PXOM do Concello de Castroverde polos servizos técnicos desta Dirección Xeral, emítense as seguintes

3. CONSIDERACIÓNS

3.1. Sustentabilidade e protección ambiental.

3.1.1. Proxección demográfica e ocupación de solo:

A análise da evolución demográfica do concello de Castroverde dende 1990 ata o 2005 (datos do IGE) amosa que o saldo migratorio foi sempre negativo, excepto en 1997. Este saldo negativo e o continuo avellentamento da poboación deberán terse moi presentes á hora de desenvolver os solos urbanizables escollidos. Así, a tendencia prioritaria debería ir cara mellora-las infraestruturas xa existentes coa finalidade de dar unha mellor calidade de vida ós actuais habitantes do Concello de Castroverde e procurar, en calquera caso, que os servizos básicos, de ocio, comerciais, etc..teñan uns niveis aceptables mediante un consumo responsable do territorio e un axeitado ritmo de desenvolvemento.

3.1.2 Hidroloxía:

- Abastecemento de auga:

O servizo de abastecemento municipal chega ós núcleos de Castroverde e Bolaño.

Para o núcleo urbano, o SUD – 1 (residencial) e o SUD industrial existe un depósito de regulación de 220 m³ situado na estrada de Castroverde a Vilabade para o cal existen tres captacións nos mananciais de As Forxas, Liñeira e Fontesecca. Este depósito pode dar servizo a 1.200 habitantes e tendo en conta que actualmente abastece a 390 habitantes mais outros 500 na máxima estacional (zona urbana), considérase suficiente a día de hoxe. En calquera



caso, cando as actuacións previstas ou futuras supoñan un aumento da demanda superior á citada deberá ampliarse o servizo, sempre e cando este aumento respecte os niveis ecolóxicos dos mananciais dos que proceda a auga.

Para o abastecemento do núcleo de Bolaño o concello conta cun depósito de 140 m³ e unha captación do manancial O Salgueiro. Actualmente existe servizo de abastecemento de auga para 70 habitantes, estando a capacidade máxima cuantificada en 207 habitantes. Considérase, polo tanto, suficiente a capacidade actual. Ó igual que no caso anterior, cando as actuacións previstas ou futuras supoñan un aumento da demanda superior á citada deberá ampliarse o servizo.

No caso do SUD -2, residencial alonxado do núcleo urbano, estímase unha poboación máxima de 540 habitantes para a se será necesario resolve-lo seu abastecemento de auga, precisándose un novo depósito e unha nova captación para poder comezar co seu desenvolvemento.

No caso dos SUND 1,2,3 e 4, cando a demanda se achegue á capacidade máxima das instalacións e captacións existentes, estas revisaranse e ampliaranse se os mananciais poden soportala. No caso de non poder resolver ese aumento da demanda, non poderán continuar desenvolvéndose os novos solos.

- Saneamento:

A mellora do saneamento no rural é unha das prioridades do concello, prevista en tres quadrienios: 2007-2010, 2011-2013, 2014-2017.

O saneamento municipal só chega ó núcleo urbano e a Vilabade e presenta, segundo se expón no PXOM obxecto de avaliación, moitas deficiencias que deberán ser corrixiadas de maneira inminente, así como os problemas de filtracións que se producen no caso das explotacións gandeiras.

Para o solo urbano e os urbanizables contiguos o concello de Castroverde conta cunha EDAR (Estación Depuradora de Augas Residuais) con capacidade para 300 habitantes e tres fosas sépticas con capacidade para 50 habitantes cada unha. Ante estas cifras, apréciase que a capacidade de saneamento está esgotada xa coa poboación actual. Este esgotamento foi detectado xa polo equipo de goberno do Concello de Castroverde e existe un anteproxecto que contempla a construción dunha nova estación depuradora con capacidade para 600 habitantes (a maiores da actual), así como a implantación dunha rede separativa de augas residuais e



pluviais. Deste xeito, o servizo de saneamento podería chegar a 1.050 habitantes, de momento suficiente pero que deberá revisarse antes de que a demanda se achegue a este máximo. A realización do marcado neste anteproxecto considérase fundamental de cara á ordenación do Concello de Castroverde, pois non poderán desenvolverse novos solos mentres non se resolva o problema de saneamento actual.

O núcleo de Vilabade, por outra banda, ten unha EDAR para 100 habitantes que dá servizo a 70 habitantes, co que a día de hoxe é suficiente. No caso de aumenta-la demanda, ó igual que no caso anterior, revisarase o servizo para adaptalo á nova situación.

No caso do solo industrial, tamén a previsión dunha nova depuradora e rede separativa deberá facerse efectiva para poder dar servizo de saneamento a este tipo de solo. Para o SUD -2, residencial alonxado do núcleo urbano, estímase unha poboación máxima de 540 habitantes que precisarán dunha rede separativa de residuais e pluviais e un sistema de depuración efectivo que dea servizo a esta nova poboación. Mentres non se resolva o seu saneamento, ó igual que no caso do abastecemento, non se poderá desenvolver o sector.

- Ríos:

O 5,34% do territorio do Concello de Castroverde pertence á clasificación de *solo rústico de protección de augas*. Este chega ata os 50 m dende o curso fluvial nos ríos Chamoso e Tordea e ós 25 m no resto.

Esta diferenza na extensión das franxas xustifícase dende o Concello de Castroverde argumentando que, polo seu caudal e tipoloxía, trátase de cursos de escasa importancia que non requiren maiores franxas de protección. Cómpre ter en conta que estes ríos e regatos desembocan noutros de maior relevancia e que na época de chuvias o seu caudal aumenta como en calquera outra zona, polo que non se pode menospreza-lo seu papel no medio nin as súas zonas de inundación; e máis cando no propio PXOM se di que “as chuvias abundantes e en xeral ben distribuídas ó longo do ano, posibilitan a existencia dunha rede fluvial ampla e densa”. Por isto, primáranse o coidado dos seus valores naturais, tanto no tocante á calidade das augas como ó entorno, para evitar anegamentos e o seu deterioro ou posibles afeccións nos ríos dos que son afluentes.

No caso dos urbanizables que conteñan algún curso fluvial, como é o caso do SUND – 1, as cesións de zonas verdes non poderán solaparse coa zona de protección de policía ó entender que son dous tipos de solo diferentes e que só poderán, como moito, seren contiguos pero en ningún caso coincidentes.



As melloras que se realicen nas redes e sistemas de saneamento, tanto cualitativas como cuantitativas, deben axudar a mellora-la calidade da augas dos cursos fluviais nos que inflúan. Pola súa parte, as captacións que se fagan para o abastecemento de auga respectarán sempre os límites ecolóxicos propios de cada curso afectado.

3.1.3. Residuos

Unha das prioridades consideradas no PXOM do Concello de Castroverde é mellora-la xestión dos Residuos Sólidos Urbanos e dos Residuos Agrarios.

No tocante á recollida de plásticos agrícolas, o Concello de Castroverde ten contratado un servizo para leva-los plásticos á planta de Guntín. Dado que este servizo aínda non está en funcionamento, propónse no PXOM do concello de Castroverde o uso dunha parcela procedente da cesión do 10% do solo do polígono industrial como almacén temporal dos mesmos. Este almacenamento e recollida son fundamentais tendo en conta que se trata dun concello eminentemente rural no que o 47 % da poboación do concello se adica ó sector primario.

A recollida dos Residuos Sólidos Urbanos cobre a totalidade do concello pero con deficiencias tanto na periodicidade do servizo como no emprazamento dos contedores, segundo se reflicte no PXOM. Por outra banda, a recollida selectiva só se realiza en determinados puntos. Ademais, o crecemento futuro deberá ter en conta as capacidades dos sistemas e infraestruturas dispoñibles, de maneira que se manteña a xestión dos RSU conforme a lexislación vixente.

Outro aspecto a corrixir exposto no PXOM é a ausencia de limpeza das rúas, que deberá mellorarse polo ben da poboación e da súa calidade de vida.

Neste concello existe un vertedoiro que actualmente está ó 50% da súa capacidade. No PXOM propónse o selado a causa dos cheiros, o impacto visual que supón e dada a súa incorporación á rede de SOGAMA. Dado que se trata dun sector de solo contaminado, unha vez selado non se poderá instalar nel ningunha outra actividade por considerar que podería supor un risco para a saúde dos seus usuarios. Así, non se poderá computar o espazo como equipamento deportivo nin como de uso dotacional, polo que o campo de fútbol previsto terá que emprazarse o suficientemente separado do mesmo como para garanti-la seguridade e a saúde das persoas que o disfruten.



Outro tipo de residuos (industriais, perigosos, inertes...) deberán ser xestionados conforme a lexislación correspondente evitando as verteduras e os impactos no medio.

3.1.4. Natureza.

O concello de Castroverde non conta con ningún espazo catalogado dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos (lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza e decreto 72/2004 de desenvolvemento da lei). Pola contra, clasifícanse como *solo rústico de protección de interese paisaxística* dous sectores: a Carballeira da Pena e a Carballeira de Soutomerille.

Outro elemento digno de consideración é o tramo do Camiño Primitivo que atravesa este concello de leste a oeste, entrando dende o Concello de Baleira pola Serra da Vacariza e saíndo pola parroquia de Soutomerille. O feito de que este tramo pase polo núcleo urbano deberá ser tido en conta na planificación co obxecto de darlle o valor que lle corresponde e evitar o seu deterioro.

Cómpre mencionar neste apartado a existencia de actividades extractivas que poden supor un importante impacto non só visual senón tamén na protección dos mencionados enclaves, co que deberá limitarse toda actividade extractiva nas proximidades destes espazos, así como doutros que no seu momento poidan verse ameazados.

Deberase, ademais, poñer fin ás verteduras e actividades extractivas incontroladas que se mencionan no PXOM.

3.1.5. Emisións contaminantes

No desenvolvemento dos sectores de solo industrial e empresarial deberán tomarse as medidas oportunas para evitar que, pola súa posición, se instalen industrias xeradoras de emisións contaminantes, garantindo o cumprimento da lexislación sectorial correspondente e evitando as emisións e os impactos no medio. Este control farase extensivo ó resto do concello sempre que as actuacións a desenvolver poidan ter efectos contaminantes.

A fin de evitar afeccións negativas ás futuras actuacións urbanísticas por parte das infraestruturas eléctricas, deberánse cumprir as seguintes prescricións:

- Con carácter xeral, establecerase de maneira expresa a obrigatoriedade de soterrar as liñas de alta tensión que afecten ós ámbitos a desenvolver. No caso de inviabilidade do soterramento, o PXOM definirá corredores eléctricos para liñas de



alta tensión clasificados como solo rústico de protección de infraestructuras. Nestes casos, o documento de normativa urbanística deberá recoller a prohibición de calquera aproveitamento dentro destes corredores eléctricos.

- Todo o anterior debe ser recollido expresamente nas fichas urbanísticas correspondentes onde se fixen as condicións para a redacción dos planes de ordenación e xestión previstos para o desenvolvemento do PXOM.
- Os centros de transformación que se precise construír estarán preferiblemente soterrados. No suposto de execución de centros de transformación non soterrados, estes contarán coas medidas necesarias para evitar os impactos visuais e garantías suplementarias de seguridade e accesibilidade.

3.2. Participación pública

Considérase que o proceso de participación pública foi correcto e os cidadáns tiveron ocasión de formular as súas alegacións. Durante o período de exposición do Avance presentáronse 391 suxestións. Na fase de exposición da Aprobación Inicial foron 697 as alegacións recibidas en prazos, resoltas favorablemente 262, desfavorables 374 e parcialmente favorables 61.

En canto ós informes sectoriais das diferentes Administracións públicas, solicitáronse os seguintes:

- Delegación Provincial de Cultura
- Delegación Provincial de Medio Ambiente
- Delegación Provincial de Política Territorial
- Confederación Hidrográfica do Norte
- Deputación Provincial
- Concellos limítrofes

Destes, os recibidos no concello foron:

- *Consellería de Cultura e Deporte (Delegación Provincial de Lugo: Patrimonio):*
 - 17/04/06: favorable condicionado a corrixi-los aspectos citados en dito informe



- *Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Subdirección Xeral de Estradas):*
 - 30/08/05: favorable condicionado á corrección de determinados aspectos indicados no informe

3.3. Prexuízos económicos e sociais.

Segundo o escrito enviado polo Concello de Castroverde a esta Consellería con data de entrada 31 de agosto de 2006, os prexuízos sociais e económicos que se derivarían para o concello, caso de retrotraer todas as actuacións ó trámite inicial previsto na Lei 9/2006 de 28 de abril, serían os seguintes:

O retrotraemento das actuacións prexudicaría ó concello de Castroverde debido á alteración das previsións e determinacións previstas no PXOM, pois dende o 2005 ten paralizada a concesión de licencias, co que podería viciarse a capacidade do novo planeamento cando entre en vigor e manteríanse vixentes as Normas Subsidiarias do 84.

Ademais, o Concello de Castroverde ten asinado un convenio coa Sociedade Provincial de Solo Industrial da Deputación Provincial de Lugo que depende da aprobación deste planeamento.

.....

Unha vez ponderadas e analizadas as circunstancias do PXOM do Concello de Castroverde, aprobado provisionalmente o 30 de novembro de 2006 no Pleno do Concello, e sempre que se corrixan os problemas e carencias detectados, á vista do nivel de integración que a protección de medio ambiente acada no PXOM, dos bens xurídicos e intereses públicos que hai que protexer, tendo en conta o proceso de participación pública realizado e á vista dos custos económicos e sociais que en definitiva se van producir, chégase á conclusión de que non é razoable esixir a retroacción das actuacións na elaboración e redacción do PXOM de Castroverde, por superar as desvantaxes ás posibles vantaxes, tal e como se motiva e xustifica cumpridamente anteriormente polo que,



4. RESOLUCIÓN

Resolvo declarar a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Castroverde, aprobado provisionalmente o 30 de novembro de 2006 no Pleno do Concello e cunha posterior modificación aprobada no Pleno do 28 de abril de 2007, ós tramites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sen que isto exima ó concello de cumprir os requisitos legais xa indicados na presente resolución e nos informes sectoriais recibidos.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2007

O Director Xeral de Desenvolvemento Sostible

Asdo.: Emilio Manuel Fernández Suárez